- Aprobar o plan de colaboración do Consello Social co Campus de Pontevedra para 2021.

Puntos e acordos adoptados polo Pleno e as Comisións do Consello Social

COMPARATIVA 2016-2021						
	2016	**2017**	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
PLENO						
Reunións	5	6	6	7	7	7
Puntos	94	97	82	107	107	117
COMISIÓN EXECUTIVA						
Reunións	4	3	4	3	2	1
Puntos	39	32	43	32	19	18
COMISIÓN ECONÓMICA						
Reunións	3	4	3	3	3	3
Puntos	26	33	31	28	41	39
COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS						
Reunións	7	6	6	6	4	3
Puntos	68	66	60	61	43	31

PLENO 3 DE XUÑO:

- Aprobar os prezos dos complexos residenciais da Universidade de Vigo no curso 2021/2022.
- Aprobar os prezos públicos para o Campus Camp 2021, nos tres campus.
- Aprobar a incorporación de remanente libre para estadías investigadoras.
- Aprobar a participación da Universidade de Vigo no Consorcio Centro de investigación e tecnoloxía matemática de Galicia (CITMAga).
- Ratificar o informe favorable sobre a modificación parcial da Relación de Postos de Traballo (RPT) do PAS laboral da Universidade de Vigo.
- Aprobar o acordo para a participación na produción e entrega de material impreso de acollida ao alumnado da Universidade de Vigo para o curso 2021/2022, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.
- Informar favorablemente sobre o Decreto polo que se fixan os prezos públicos do SUG para o curso académico 2021/2022.
- Aprobar os prezos dos cursos de Extensión Universitaria previstos nos tres campus.

PLENO 29 DE XUÑO:

- Aprobar a liquidación do orzamento da UVigo correspondente a 2020. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións.

- Aprobar as contas anuais de 2020 e informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).
- Aprobar as contas anuais de 2020 e informe de auditoría de Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).
- Aprobar as contas anuais de 2020 e informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI).
- Aprobar a colaboración coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI), para o exercicio 2021, dirixida a orientar e facilitar o achegamento do estudantado ao mercado laboral e á empregabilidade.
- Aprobar os prezos públicos aplicables na UVigo para o curso 2021/2022, por servizos académicos e servizos administrativos para titulacións, programa de maiores e alumnado visitante.
- Darse por informado da recepción e análise do informe de auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG (CISUG) á centralización de compras e servizos común ás tres universidades (limpeza, seguridade, material de oficina, enerxía, software...) e cuantificación do posible aforro de custos".
- Dar a súa conformidade á contratación da realización dun informe de auditoría externa e memorando de recomendacións das contas de UVigo (exercicio 2021 e seguintes).
- Autorizar as incorporacións de crédito con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2020 solicitadas.
- Darse por informado dos convenios con dotación económica asinados pola UVigo en maio de 2021.

PLENO 29 DE XULLO:

- Darse por informado da aplicación e aproveitamento do informe de auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG (CISUG) á centralización de compras e servizos común ás tres universidades, e cuantificación do posible aforro de custos".
- Aprobar unha aportación para o novo proxecto "Dixital PontUp", un espazo virtual interactivo para organizar unha programación propia de eventos e actividades relacionadas co emprendemento.
- Aprobar a realización dun estudo, por propia iniciativa, para medir o impacto e o retorno económico e social da UVigo no seu conxunto e en cada un dos tres Campus por separado.
- Aprobar a proposta dos prezos públicos dos Obradoiros que desenvolverá a UVigo no curso 2021/2022 nos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.
- Aprobar as tarifas por actividades deportivas correspondentes ao 2021.
- Aprobar as taxas e Memorias finais de títulos propios. Últimas propostas avaliadas consonte o Regulamento de títulos propios de Posgrao e outros cursos da UVigo, vixente dende outubro de 2005, que pasa a ser substituído polo Regulamento dos programas de formación permanente da UVigo.

PLENO 23 DE SETEMBRO:

- Aprobar os prezos e taxas dos títulos propios da UVigo para o curso 2021/2022.
- Aprobar unha proposta de modificación dos prezos públicos aplicables ao persoal investigador visitante.
- Aprobar a participación do Consello Social na convocatoria "Ourense Rural", para o curso 2021/2022.

PLENO 3 DE NOVEMBRO:

- Aprobar a edición dixital do "Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia da COVID-19 nas persoas tituladas da UVigo", co apoio do propio Consello.
- Acordar a asignación de complementos a profesores, correspondentes á convocatoria de 2020, polo labor docente e investigador, pola excelencia curricular docente e investigadora e polos cargos de xestión, consonte resolución da ACSUG.
- Dar a súa conformidade á Oferta de emprego público de persoal docente e investigador (PDI) da UVigo para o ano 2021.
- Informar favorablemente sobre o acordo de funcionarización do persoal laboral fixo de administración e servizos da Universidade de Vigo e da relación de postos de traballo (RPT) derivada do mesmo.
- Aprobar a convocatoria de axudas a Prácticums para o ano 2022, e da dotación económica correspondente para a súa realización.

PLENO 28 DE DECEMBRO:

- Aprobar os prezos de cursos de títulos propios, consonte petición da directora da Escola Aberta de Formación Permanente.
- Aprobar os prezos e as memorias finais de cursos de títulos propios, iniciados antes da aprobación do novo regulamento de programas de formación e da posta en marcha da Escola Aberta de Formación Permanente.
- Informar favorablemente sobre o teito de gasto anual da UVigo para o exercicio orzamentario de 2022.
- Aprobar a proposta de orzamento da UVigo para o exercicio de 2022.
- Informar favorablemente sobre a Oferta de emprego público do PAS da Universidade de Vigo para o ano 2021.
- Aprobar a cesión temporal de equipos para investigación ao Grupo COM da Universidade de Vigo.
- Aprobar o Orzamento do Consello Social para o exercicio 2022.

DE CARÁCTER ACADÉMICO-SOCIAL

PLENO 24 DE MARZO:

- Apoiar a Memoria anual de Responsabilidade Social da Universidade de Vigo.
- Darse por informado do calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2022/2023.
- Darse por informado dos convenios asinados pola UVigo en decembro de 2020 e xaneiro e febreiro de 2021.

PLENO 3 DE XUÑO:

- Darse por informado sobre as declaracións de interese de novas titulacións e modificación de titulacións de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2022/2023.

- Darse por informado sobre a creación dos novos centros da Facultade de Dirección e Xestión Pública, da Facultade de Deseño e da Facultade de Relacións Internacionais.

- Darse por informado sobre o novo regulamento dos programas de formación permanente e títulos propios da Universidade de Vigo.

- Ratificar o informe favorable sobre a creación do Centro interuniversitario ECOBAS.

- Aprobar a incorporación da Universidade de Vigo á agrupación sen ánimo de lucro *SIGMA-AIE*.

- Darse por informado da delegación no presidente do Consello Social para a aprobación inicial das bolsas-colaboración adxudicadas polo Ministerio de Educación á Universidade de Vigo, para o curso 2021/2022.

- Aprobar a proposta de distribución inicial das 53 bolsas-colaboración asignadas á Universidade de Vigo polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, para o curso 2021/2022:

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Deseño na enxeñaría	1
Enxeñaría eléctrica	1
Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos	1
Enxeñaría química	3
Enxeñaría dos materiais, mecánica aplicada e construción	1
Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente	1
Enxeñaría de sistemas e automática	1
Física aplicada	2
Tecnoloxía electrónica	1
Enxeñaría telematica	1
Teoría do sinal e comunicacións	1
Informática	2
Matemática aplicada II	1
Bioloxía funcional e ciencias da saúde	1
Bioloxía vexetal e ciencias do solo	2
Bioquímica, xenética e inmunoloxía	1
Ecoloxía e bioloxía animal	2
Estatística e investigación operativa	1
Química analítica e alimentaria	2
Química inorgánica	1
Xeociencias mariñas e ordenación do territorio	1
Química física	1
Química orgánica	1
Filoloxía galega e latina	1
Filoloxía inglesa, francesa e alemá	1
Historia, arte e xeografía	1
Escultura	1
Pintura	1
Debuxo	1

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Lingua española	1
Literatura española e teoría da literatura	1
Tradución e lingüística	2
Análise e intervención psicosocioeducativa	1
Dereito privado	1
Dereito público	1
Didáctica, organización escolar e métodos de investigación	1
Didácticas especiais	2
Economía aplicada	1
Economia financeira e contabilidade	1
Organización de empresas e márketing	1
Psicoloxía evolutiva e comunicación	1
Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía	1
Dereito público especial	1
Comunicación audiovisual e publicidade	1

Así mesmo, apróbase a seguinte relación priorizada para o suposto dunha eventual insuficiencia de candidatos para as bolsas anteriormente asignadas:

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Enxeñaría química	1
Bioloxía vexetal e ciencias do solo	1
Enxeñaría telemática	1
Bioquímica, xenética e inmunoloxía	1
Química física	1
Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente	1
Economía aplicada	1
Bioloxía funcional e ciencias da saúde	1
Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos	1
Química analítica e alimentaria	1

- Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de marzo e abril.

PLENO 29 DE XUÑO:

- Dar a súa conformidade ao informe sobre a aplicación e aproveitamento das recomendacións da auditoría operativa sobre "Análise da relación entre as spin off e a UVigo, para buscar ferramentas que melloren a medio prazo a posición das spin off no mercado".
- Dar a súa conformidade ás Memorias de actividades do Consello Social correspondentes a 2019 e 2020.

PLENO 29 DE XULLO:

- Informar favorablemente sobre as propostas de verificación e modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento, para o curso 2022/2023 da Universidade de Vigo.
- Informar favorablemente sobre a creación dos novos centros: Facultade de Dirección e Xestión Pública, Facultade de Deseño e Facultade de Relacións Internacionais.
- Darse por informado dos convenios asinados pola UVigo en xuño de 2021.

PLENO 23 DE SETEMBRO:

- Darse por informado sobre os datos de matrícula do curso 2021/2022, evolución, comparativas e reflexións, da vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria.
- Aprobar as propostas para a composición das Comisións permanentes do Consello Social, e a designación de representantes do Consello Social no Consello de Goberno e nas súas comisións delegadas, na Comisión de Igualdade e na Mesa de Contratación.
- Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de xullo e agosto de 2021.

PLENO 3 DE NOVEMBRO:

- Informar favorablemente sobre as propostas de verificación de títulos de Grao e Mestrado, para o curso 2022/2023 da Universidade de Vigo.
- Informar favorablemente a creación do Centro de Investigación para Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC).
- Aprobar a reasignación definitiva das bolsas-colaboración adxudicadas á UVigo polo Ministerio de Educación, para o curso 2021/2022:

REASIGNACIÓN DEFINITIVA

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Bioquímica, xenética e inmunoloxía	1
Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos	1
Didácticas especiais	1

LISTA DE AGARDA

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Bioloxía funcional e ciencias da saúde	1
Filoloxía inglesa, francesa e alemá	1
Tradución e lingüística	1
Historia, arte e xeografía	1
Dereito público	1
Teoría do sinal e comunicacións	1

- Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de setembro de 2021.

PLENO 28 DE DECEMBRO:

- Darse por informado sobre o Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2023/2024.
- Informar favorablemente sobre a denuncia do convenio de adscrición do IESIDE (Instituto Superior Intercontinental) á Universidade de Vigo.
- Darse por informado dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de outubro e novembro de 2021.
- Aprobar as liñas xerais do Plan de actuacións a desenvolver polo Consello Social en 2022.

COMISIÓN EXECUTIVA

PRINCIPAIS ACORDOS ADOPTADOS

Ao longo do ano 2021 reuniuse en unha ocasión, e adoptou os seguintes

ACORDOS

- Darse por informada sobre o nivel de transparencia da UVigo en 2019, e a aportación do Consello Social.
- Darse por informada sobre o novo regulamento dos programas de formación permanente da UVigo.
- Aprobar a proposta dos prezos dos complexos residenciais da UVigo para estudantes, no curso 2021/2022.
- Aprobar os prezos públicos para o Campus Camp 2021, previstos nos tres Campus entre o 23 de xuño e o comezo do curso escolar en Educación primaria.
- Aprobar, para informe ao Pleno, a incorporación de remanente libre para estadías investigadoras, a incorporación da UVigo á agrupación sen ánimo de lucro "SIGMA-AIE", a participación da UVigo no Consorcio Centro de investigación e tecnoloxía matemática de Galicia (CITMAga), a creación do Centro interuniversitario ECOBAS, e a modificación parcial da Relación de Postos de Traballo (RPT) do PAS laboral da UVigo.



Reunión da Comisión Executiva en plena fase da pandemia.

DISTRIBUCIÓN E TAXAS APROBADAS DE TÍTULOS PROPIOS E CURSOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO 2021/2022

Nas sesións da Comisión Executiva do 19 de maio e do Pleno do 29 de xullo e 28 de decembro de 2021, aprobáronse as seguintes propostas de taxas de títulos propios, cursos de especialización e demais actividades autorizadas ás universidades conforme o artigo 81.3 da LOU:

CURSOS COMPLEMENTARIOS

I Curso complementario	"Crafting goods communication skills: talks & posters"	20 €
I Curso complementario	"Eficiencia enerxética e enerxías renovables no sector marítimo"	20 €
I Curso complementario	"New trends in aquaculture research"	20 €
I Curso complementario	"Utilización de información medioambiental"	30 €
I Curso complementario	"Valoración e abordaxe terapéutico da patoloxía do ombro"	82 €
II Curso complementario	"Competencias transversais para o futuro laboral"	0 €
VI Curso complementario	"Pilates en mat para fisioterapeutas"	249,50 €

CURSOS DE ESPECIALISTA

I Curso de especialista	"Dereito laboral e da seguridade social"	750 €
I Curso de especialista	"Innovación educativa para unha educación transformadora no ámbito escolar e comunitario"	750 €
I Curso de especialista internacional	"Termalismo e spa"	800 €
I Curso de especialista superior	"Autonomía de mozos e mozas no sistema de protección"	686 €
III Curso de especialista	"Desenvolvemento de software e negocio dixital"	3.000 €
III Curso de especialista	"Electrónica para compoñentes da automoción"	1.325 €
IV Curso de especialista	"Tradución para a industria do videoxogo"	
	• Alumnos de Máster de Doutoramento	840 €
	• Resto do alumnado	1.200 €

CURSOS DE FORMACIÓN

II Curso de formación	"Intelixencia artificial con Deep Learning"	220 €
II Curso de formación	"Mediación civil e mercantil"	360 €
III Curso de formación	"Data Mining con R"	125 €
III Curso de formación	"Javascript para aplicacións web e móbiles"	195 €
IV Curso de formación	"Advanced Trading"	104 €
IV Curso de formación	"Negociación colectiva e individual no ámbito laboral"	30 €
VI Curso de formación	"Deseño, programación e administración de bases de datos"	195 €
VII Curso de formación	"Deseño, programación e administración de bases de datos"	195 €
VII Curso de formación	"Programación Java"	195 €
VIII Curso de formación	"Didáctica da ficción e creación literaria"	70 €
VIII Curso de formación	"Estatística avanzada con R para profesionais da saúde"	125 €
IX Curso de formación	"Didáctica da ficción e creación literaria"	82 €
iX Curso de formación	"Estatística con R para profesionais da saúde"	125 €

CURSOS DE FORMACIÓN

X Curso de formación	"Control estatístico de calidade con R"	125 €
XI Curso de formación	"Estatística con R para investigadores"	125 €
XVI Curso de formación	"O IVE na fiscalidade empresarial. Edición 2021"	120 €
XVIII Curso de formación	"Introdución á bolsa"	120 €
XIX Curso de formación	"Introdución á bolsa"	120 €

CURSOS DE MÁSTER/ESPECIALISTA

XIX Curso de Máster/especialista	"Auditoría e Contabilidade"	3.500 €

COMISIÓN EXECUTIVA

A Comisión Executiva e o Pleno aprobaron durante o ano 2021 as taxas de 33 cursos (2 mais que no ano anterior) impartidos pola Universidade de Vigo para a obtención de títulos propios de Posgrao ou para ensinanzas de formación. Neste resumo, elaborado pola Secretaría do Consello Social, pódese observar a incidencia que os cursos tiveron en cada un dos Campus, así como a distribución por ámbitos de ensinanza, destacando o predominio dos cursos de formación, seguidos polos complementarios e de especialista. No que á porcentaxe se refire, por ámbito, o xurídico-social aumenta considerablemente, o tecnolóxico e o humanístico experimentan un descenso importante e o científico unha pequena subida, e por Campus obsérvase un leve descenso no Campus de Vigo, e un mínimo aumento nos Campus de Pontevedra e Ourense.

OS CURSOS, POR TIPOS*

Complementarios	Formación	Especialista	Máster/Espec.	Máster
7 (4)	**18 (16)**	**7 (10)**	**1 (1)**	**0 (0)**
21,21%	**54,55%**	**21,21%**	**3,03%**	**0 %**
(12,90%)	(51,61%)	(32,26%)	(3,23%)	(0%)

OS CURSOS, POR ÁMBITOS*

Científico	Humanístico	Tecnolóxico	Xurídico-Social
6 (5)	1 (3)	8 (12)	18 (11)
18,18%	3,03%	24,24%	54,55%
(16,13%)	(9,68%)	(38,71%)	(35,48%)

OS CURSOS, POR CAMPUS*

Ourense	Pontevedra	Vigo
4 (2)	3 (2)	26 (27)
12,12%	9,09%	78,79%
(6,45%)	(6,45%)	(87,10%)

* As cifras que aparecen entre as parénteses amosan os datos de 2020.



De esquerda a dereita, David Basalo, responsable da Unidade de análise e programa da UVigo. E os membros da Comisión: Manuel Reigosa (Reitor), Marta Iglesias, Ernesto Pedrosa, Natalia Zunzunegui e Javier Garrido.

MEMORIAS FINAIS RECIBIDAS

FORON RECIBIDAS AS MEMORIAS FINAIS DOS SEGUINTES CURSOS DE POSGRAO

I Curso de formación	"Deseño e fabricación con Catia V5"
I Curso de formación	"Mediación Civil e Mercantil (Lei 5/2012)"
I Curso complementario	"Competencias transversais para o futuro laboral"
II Curso complementario	"Competencias transversais para o futuro laboral"
V Curso complementario	"Introdución á simulación FEM e CFD con ANSYS"
V Curso complementario	"Pilates en mat para fisioterapeutas"
I Curso de especialista	"Desenvolvemento de software e negocio dixital"
I Curso de especialista	"Electrónica para compoñentes de automoción"
I Curso de especialista	"Tecnoloxías de quinta xeración (5G)"
II Curso de especialista	"Electrónica para compoñentes de automoción"
II Curso de especialista	"Tradución para a industria do videoxogo"
III Curso de especialista	"Interpretación simultánea de voz a texto"
III Curso de especialista	"Tradución para a industria do videoxogo"
I Curso de formación	"Intelixencia artificial con Deep Learning"
II Curso de formación	"Javascript para aplicacións web e móbiles"
III Curso de formación	"Data Mining con R"
III Curso de formación	"Negociación colectiva e individual no ámbito laboral"
IV Curso de formación	"Advanced trading"
V Curso de formación	"Análise avanzada da información (Microsoft Excel)
VI Curso de formación	"Deseño, programación e administración de bases de datos"
VI Curso de formación	"Programación Java"
VII Curso de formación	"Didáctica da ficción e creación literaria"
VIII Curso de formación	"Estatística avanzada con R para profesionais da saúde"
VIII Curso de formación	"Estatística con R para profesionais da saúde"
X Curso de formación	"Control estatístico de calidade con R"
X Curso de formación	"Estatística con R para investigadores"
XVII Curso de formación	"Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"
XVIII Curso de formación	"Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"
XVIII Curso de formación	"Introdución á bolsa"
XVIII Curso de Máster/Especialista	"Auditoría e contabilidade"

COMISIÓN ECONÓMICA

PRINCIPAIS ACORDOS ADOPTADOS

A Comisión Económica reuniuse ao longo do ano 2021 en tres ocasións, no Campus de Vigo. As sesións celebráronse o 25 de febreiro, o 23 de xuño e o 20 de decembro.

ACORDOS

- Informar favorablemente ao Pleno da liquidación do orzamento de ingresos e gastos da Universidade de Vigo. Carta de avance de auditoría.
- Informar favorablemente a aprobación definitiva e dar conta ao Pleno, para a participación da Universidade de Vigo no capital social da Spin-off "Unmanned Galicia, S.L.".
- Dar a súa conformidade ao informe de auditoría operativa "Análise da relación entre as spin off e a universidade, para buscar ferramentas que melloren a posición das spin off no mercado a medio prazo".
- Autorizar a asignación de retribucións adicionais ao persoal docente e investigador correspondentes ás convocatorias de 2018 e 2019, como complementos por cargos de xestión, polo labor docente e investigador e pola excelencia curricular docente e investigadora.
- Aprobar a proposta de descontos especiais nas tarifas dos cursos de idiomas do Centro de Linguas.
- Darse por informada do control e seguimento da aplicación do regulamento de xestión do patrimonio da UVigo. Informe ao Consello Social sobre as doazóns menores e correntes.
- Darse por informada do control e seguimento da aplicación da normativa de xestión de espazos universitarios. Informe ao Consello Social sobre as dispensas de pago concedidas pola Xerencia.
- Darse por informada dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de decembro de 2020 e xaneiro de 2021, e dar conta ao Pleno.



De esquerda a dereita: Antonio Macho, Jesús Graña, Raquel Souto (xerente), Ernesto Pedrosa, Emilio Zunzunegui, Rosa Mª Sánchez e José Mª Martín (vicerreitor de economía)

- Aprobar a incorporación de remanentes para satisfacer as obrigas dos expedientes E5-20 e E6-20 e do Proxecto T949.
- Informar favorablemente ao Pleno da conta de liquidación do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2020. Informe de auditoría e memorando de recomendacións.
- Elevar informe favorable, para aprobación do Pleno, das contas anuais e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI), de 2020.
- Elevar informe favorable, para aprobación do Pleno, das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA), de 2020.
- Elevar informe favorable, para aprobación do Pleno, das contas anuais e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI), de 2020.
- Informar favorablemente sobre a proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade



A Comisión Económica durante a reunión celebrada no Campus de Vigo.

de Vigo para o exercicio 2021, dirixido a orientar e facilitar o achegamento dos estudantes ao mercado laboral e á empregabilidade.

- Informar favorablemente ao Pleno, a incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2020 correspondente á UVigo.
- Informar favorablemente a aprobación dos prezos públicos previstos na UVigo por servizos académicos e servizos administrativos para titulacións, Programa de Maiores e alumnado visitante, para o curso 2021/2022.
- Darse por informada sobre o informe de auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG (CISUG) á centralización de compras e servizos común ás tres universidades (limpeza, seguridade, material de oficina, enerxía, software....) e cuantificación do posible aforro de custos".
- Informar favorablemente a contratación da realización dun informe de auditoría externa e memorando de recomendacións das contas de UVigo (exercicio 2021 e seguintes). Valoración do prego de prescricións e de posibles novas

prestacións ou melloras".

- Darse por informada dos convenios asinados pola UVigo en maio de 2021, e dar conta ao Pleno.
- Informar favorablemente ao Pleno, sobre o teito de gasto anual da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario de 2022, consonte o disposto no Real Decreto 14/2012, do 20 de abril.
- Informar favorablemente ao Pleno, sobre a proposta de orzamento da UVigo para o exercicio de 2022.
- Darse por informada sobre a proposta de eliminación do prezo público por anulación de matrícula en titulacións oficiais da UVigo.
- Aprobar o avance do orzamento do Consello Social para o exercicio 2022.
- Dar a súa conformidade á Oferta de Emprego Público do Persoal de Administración e Servizos da UVigo para o ano 2021.
- Darse por informada do seguimento, aplicación e aproveitamento das recomendacións das auditorías operativas sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG a compras e servizos comúns ás tres universidades" e "Análise da relación entre as spin-off e a UVigo, para buscar ferramentas que melloren a medio prazo a posición das spin-off no mercado".
- Informar favorablemente da cesión temporal de equipos para investigación ao grupo COM da Universidade de Vigo.
- Darse por informada sobre os convenios asinados pola UVigo en outubro e novembro de 2021, e dar conta ao Pleno.

COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS

PRINCIPAIS ACORDOS ADOPTADOS

A Comisión de Actividades e Servizos reuniuse no ano 2021 en tres ocasións, no Campus de Vigo. As sesións celebráronse o 19 de febreiro, o 30 de abril e o 4 de outubro.

ACORDOS

- Aprobar propoñer ao Pleno a distribución de axudas previstas na convocatoria aberta de Prácticums que promove o Consello Social, para os seguintes centros:
  - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
  - Escola de Enxeñaría Industrial
  - Facultade de Bioloxía
  - Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
  - Facultade de Ciencias do Mar
  - Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
  - Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
  - Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
  - Facultade de Dereito
  - Facultade de Educación e Traballo Social
  - Facultade de Filoloxía e Tradución
  - Facultade de Historia
- Propoñer ao Pleno unha aportación para o ano 2021, para as actividades do Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo.
- Aprobar, para elevación ao Pleno, unha axuda para a elaboración dun Barómetro da UVigo dende a perspectiva dos empregadores, analizar as expectativas, os comportamentos sobre contratación e as competencias que buscan nos candidatos.
- Aprobar, para elevación ao Pleno, unha proposta de axuda para a colaboración do Consello Social coa Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, para desenvolver iniciativas culturais, de innovación, ambientais e de achegamento dos investigadores ás empresas.
- Aprobar unha colaboración coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo para a organización da terceira edición do Foro de Emprego.

- Aprobar unha axuda ao equipo de investigación Ephyslab da UVigo, para a realización dun vídeo sobre a medición do ozono, que será proxectado en foros científicos de gran audiencia e servirá para práctica de laboratorio a nivel de secundaria e de universidade.

- Aprobar a renovación da asignación para o mantemento e a actualización de contidos da páxina web do Consello Social en 2021.

- Aprobar unha aportación para a presentación, pola área de captación de alumnado, da exposición "Eu son UVigo!" nos institutos de Galicia.

- Conceder unha axuda á Delegación de alumnos da Escola de Enxeñaría Industrial, para as actividades formativas e saudables conmemorativas do día do Patrón.

- Aprobar unha achega á Asociación estudantil intercentros UVigo SpaceLab, para o proxecto de deseño, fabricación, posta en órbita e operación de pequenos satélites.

- Aprobar a dotación do "Premio de innovación social", dentro do evento "Hackathon Virtual (HAVI2021)".

- Aprobar unha axuda para a organización da IV Olimpíada galega de Historia "Fai Historia con nós", a celebrar no Campus de Ourense.

- Aprobar a participación na produción e distribución de material de acollida ao alumnado da Universidade de Vigo no curso académico 2021/2022, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.

- Aprobar unha aportación para a organización e difusión do congreso "Violencia sexual: antecedentes romanos e regulación actual", aberto a alumnado e colectivos sociais.

- Aprobar, por se fose preciso por imponderables nos prazos, a delegación no presidente do Consello Social da distribución previa das bolsas-colaboración asignadas polo Ministerio de Educación á UVigo para o curso 2021/2022, debendo dar conta na primeira reunión que se convoque.

- Aprobar unha aportación para executar o programa eDestrezas en 2022, promovido dende a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, para fomentar as competencias dixitais do alumnado, PDI e PAS da UVigo.

- Aprobar unha aportación e a participación do Consello Social nas xornadas "sODStendo o planeta. Semana da axenda 2030 na UVigo", e o patrocinio do Premio Consello Social_UVigoHumana.

- Conceder unha axuda para a organización do "Evento IN", un programa de actividades e propostas sobre a diversidade, auspiciado polo alumnado.

- Aprobar unha axuda para colaborar na décima edición de EDUGAL (Salón de educación e formación de Galicia), previsto en Pontevedra.

- Conceder unha axuda para o IX Ciclo de conferencias de Dereito Concursal, a desenvolver no Campus de Ourense.

- Aprobar unha axuda para a actividade "Cóntancho as matemáticas", dirixida a estimular vocacións matemáticas entre estudantes de Educación Primaria, fomentar unha maior incorporación das mulleres á carreira científica matemática, e orientar a aprendizaxe das matemáticas ás aplicacións na vida cotiá que amosen as matemáticas como unha achega comprensible, divertida e atractiva.

ORZAMENTOS: EXERCICIO 2021

EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO CONSELLO SOCIAL

NORMATIVA

Á vista da execución do exercicio 2021, no apartado de gastos, con respecto a 2021, rexístrase a consolidación do capítulo 4, para atender e extender iniciativas referidas a prestar apoio a alumnos procedentes do rural para a súa incorporación á universidade, nun contexto excepcionalmente adverso. As partidas principais, que se reforzan, siguen a ser Estudos e traballos técnicos, seguido de Cursos, conferencias e seminarios (para atender os patrocinios e axudas a actividades que conectan a universidade ca sociedade). Con carácter xeral, aprecianse variacións nas partidas Atencións protocolarias (que sigue en liña descendente cada ano) e Edicións e publicacións (que se reduce a dotación, ao igual que acontece con Publicidade e Propaganda e mesmo co Material de oficina).

Como ven sendo habitual, a maior parte do gasto materialízase nos acordos adoptados pola Comisión de Actividades e Servicios, que en 2021 concedeu axudas por importe de 145 mil euros (232.966 euros en 2020), para numerosas iniciativas orientadas a apoiar a visibilización da universidade e mesmo a transferencia e difusión de coñecemento fora das aulas. Circunstancialmente neste ano aprobouse un elevado número de axudas a través do Pleno, debido fundamentalmente ó paréntesis producido pola renovación de membros e a conseguinte conformación das comisións.

Respecto ao orzamento da Universidade de Vigo para 2021, o orzamento do Consello Social representou unha porcentaxe do 0,198% (en 2020 era do 0,188%). No caso do Consello Social de Santiago, en 2021 representou un 0,079%, e en A Coruña foi do 0,152%. Nestes dous casos os recursos proceden exclusivamente da Xunta de Galicia. A estimación para 2022 sitúa o orzamento do Consello Social nun 0,20% respecto do previsto pola Universidade de Vigo.

No contexto nacional, o orzamento do Consello Social de Vigo mantense entre os primeiros de España, nun ránking que lideran La Laguna e Las Palmas, con 620.000 e



Plaza Miralles. Centro do Campus de Vigo, na que se atopa a sede do Consello Social.

445.000€ respectivamente (se ben nestes casos inclúen o persoal), e pechan a Politécnica de Cartagena e Illes Baleares con 18.000 e 29.000€ cadaquén, en ambolos-dous casos, consonte os últimos datos dispoñibles. Consonte os mesmos datos, a media anual dos Consellos sitúase sobre os 203.000€. Actualmente a CCS está a facer unha revisión e actualización dos datos.

No tocante o peche orzamentario do Consello Social, 2020 rematou con un nivel de execución do 83,11%. E para 2021 acadou o 81,77%, tendo en conta as incidencias e a suspensión dalgunhas axudas concedidas a actividades que finalmente non se poideron levar a cabo, fundamentalmente pola crise sanitaria e os riscos de contaxios. Co orzamento que se presenta, o Consello Social desenvolve a súa labor con picos de insuficiencia de persoal, buscando apoios externos para o día a día en áreas concretas.

CRÉDITO INICIAL	**367.850,00 €**
Modificaciones positivas	0,00 €
Modificaciones negativas	0,00 €
CRÉDITO DEFINITIVO	**367.850,00 €**
Saldo Obrigacións/pagos	277.921,25 €
Saldo Comprometido	22.876,66 €
Crédito Retido	0,00 €

CRÉDITO DISPOÑIBLE	**62.052,09 €**
EXECUCIÓN DO ORZAMENTO	**300.797,91 €**
Execución sobre o crédito inicial	**81,77 %**

REUNIÓNS E COMPARECENCIAS

CONVOCATORIAS OFICIAIS. CONFERENCIA CONSELLOS SOCIAIS.

ASEMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN CCSU

O presidente, **Ernesto Pedrosa Silva**, participou/asistiu ás seguintes reunións da Asemblea Xeral da Asociación Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas, nas que se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:

30 de xuño por videoconferencia:

- Informe sobre el proceso iniciado por el Ministerio de Universidades para la elaboración de una nueva Ley Orgánica del Sistema Universitario. Acuerdos que procedan.
- Presentación y aprobación, si procede, de las cuentas anuales de la Conferencia de Consejos Sociales de las Universidades Españolas correspondientes al ejercicio económico 2020.

9 de setembro, de carácter extraordinario, por videoconferencia (tamén participou o secretario):

- Informe y debate sobre el anteproyecto de Ley Orgánica del Sistema Universitario presentado por el Ministerio de Universidades. Acuerdos que procedan.

3 de decembro, presencial. (O secretario participou por videoconferencia):

- Informe sobre el anteproyecto de Ley Orgánica del Sistema Universitario. Acuerdos que procedan.
- Presentación y aprobación del presupuesto de la Conferencia para el ejercicio económico 2022.
- Acuerdos que procedan en torno al proceso electoral conducente a la elección del Presidente, Vicepresidentes y resto del Comité Ejecutivo de la Conferencia.

COMISIÓN ACADÉMICA DA CCS

O presidente do Consello Social, Ernesto Pedrosa Silva, participou na reunión celebrada por videoconferencia o 9 de febreiro, na que se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:

- Consideraciones de la CCS al borrador de Real Decreto de Creación, Reconocimiento, Autorización y Acreditación de Universidades y Centros Universitarios. Acuerdos que procedan.
- Informe sobre examen de transparencia 2019. Informe de transparencia voluntaria en la web de las universidades españolas elaborado por la Fundación Compromiso y Transparencia. Acuerdos que procedan.

COMISIÓN ECONÓMICA DA CCS

O presidente do Consello Social, **Ernesto Pedrosa Silva**, participou/asistiu ás seguintes reunións nas que se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:

1 de marzo por videoconferencia:

- Presentación de la "Guía para orientar la elaboración de Planes de Auditoría Interna en las universidades públicas españolas". Acuerdos que procedan.
- Acuerdos que procedan en torno al curso sobre "nociones básicas de contabilidad y auditoría pública" a realizar en el marco del convenio suscrito entre la CCS y la Fundación para la Formación e Investigación en Auditoría del Sector Público (FIASEP).
- Informe sobre el cierre provisional del presupuesto de la CCS correspondiente al ejercicio 2020.

22 de novembro, presencial.

- Informe sobre el Título VIII del anteproyecto de Ley Orgánica del Sistema Universitario relativo al Régimen económico y financiero de las universidades públicas.
- Presentación del Presupuesto de la Conferencia de Consejos Sociales para el ejercicio económico 2022. Acuerdos que procedan.

COMISIÓN DE TRANSFERENCIA E RELACIÓNS COA SOCIEDADE DA CCS

O presidente do Consello Social, **Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu á reunión celebrada o 23 de novembro, na que se trataron, entre outros, os seguintes asuntos:

- Propuesta de colaboración con REDFUE para el uso de inteligencia para el conocimiento de la demanda del tejido productivo y la mejora de la empleabilidad de los universitarios españolas.
- Informe sobre la proyectada reforma de la Ley de la Ciencia, la tecnología y la Innovación y posicionamiento de la CCS. Acuerdos que procedan.



Ernesto Pedrosa na segunda fila á dereita, nunha das escasas reunións presenciais que convocan a Consellos Sociais este ano, sen mascarilla.

XORNADAS DE SECRETARIOS DA CCS

O secretario do Consello Social, **Ignacio Rodríguez Iglesias**, asistiu á Xornada de secretarios de Consellos Sociais celebrada os días 21 e 22 de outubro en Aranjuez.

O día 21 celebrouse o **Pleno da Comisión sectorial de secretarios**, no que se trataron os seguintes asuntos:

- Aprobación, si procede, del Acta de la sesión anterior.
- Informe de la Presidenta de la Comisión de Secretarios.
- Informe del Secretario General de la Conferencia.
- Ruegos y preguntas.

ENCONTROS TÉCNICOS DE SECRETARIOS DA CCS

O secretario do Consello Social, don Ignacio Rodríguez Iglesias, participou nos seguintes Encontros técnicos de secretarios dos Consellos Sociais:

24 de marzo, de xeito telemático:

- Los ODS en las universidades españolas: una propuesta de UPV para medir su grado de cumplimiento.

5 de maio, de xeito telemático:

- Creación de Empresas de Base Tecnológica: principales aspectos a tener en cuenta en su paso por el Pleno del Consejo Social.

22 de xuño, de xeito telemático:

- Sintonizando la oferta académica oficial de la Universidad con las necesidades de la sociedad: la experiencia de la UPNA.

CONSELLO ASESOR DA FEDERACIÓN ALUMNI-ESPAÑA

O presidente do Consello Social, **Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu á reunión celebrada o 21 de outubro en Zaragoza, na que se trataron, entre outros, os seguintes asuntos:

- Informe del Presidente de la Federación ALUMNI ESPAÑA.
- Informe del Presidente del Consejo Asesor.
- Propuestas y Recomendaciones del Consejo Asesor para la Federación ALUMNI ESPAÑA.
- El papel que juega Alumni en la universidad resultante tras el COVID 19: Nuevas oportunidades.

CONVOCATORIAS OFICIAIS. GALICIA

CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

O presidente, **Ernesto Pedrosa Silva**, asistiu ás sesións do Pleno do Consello Galego de Universidades nas que se abordaron, entre outros asuntos, os que seguen:

14 de xuño (por videoconferencia)

- Asuntos para coñecemento:
  - Normativa publicada.
  - Convocatorias de prazas profesorado universitario contratado.
- Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2021/2022.
- Informe sobre autorización de implantación nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo das ensinanzas universitarias oficiais de grao, máster universitario e doutoramento, para o curso 2021/2022.
- Informe sobre a creación da Facultade de Turismo da Universidade da Coruña.
- Informe sobre a creación da Escola Politécnica de Enxeñería de Ferrol da Universidade da Coruña.
- Informe sobre a adscrición do Centro Superior de Hostalaría de Galicia á Universidade de Santiago de Compostela.
- Informe sobre a creación como centro de I+D+i do CINTECX (Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais) da Universidade de Vigo.
- Informe sobre a designación de representante das universidades públicas de Galicia nos seguintes órganos:
  - Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (CETAL)

7 de decembro, sesión extraordinaria (presencial)

- Informe sobre o Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026.

CONSELLO REITOR DO CONSORCIO AXENCIA PARA A CALIDAD DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

O presidente, don Ernesto Pedrosa Silva, asistiu ás seguintes reunións do Consello Reitor da ACSUG nas que se abordaron, entre outros asuntos, os que seguen:

20 de xullo (presencial en Santiago de Compostela)

- Convenios con outras institucións.
- Asuntos económicos:
  - Contas anuais do exercicio 2020.
  - Inventario do inmobilizado a 31.12.2020.
  - Proposta de modificación dos orzamentos do exercicio 2021.
  - Anteproxecto de orzamentos do exercicio 2022 (PAIF).
- Sistema de Xestión Interno:
  - Informe anual de 2020 de revisión do Sistema de Xestión.
  - Resumo do Sistema de Xestión do primeiro semestre de 2021.

22 de decembro (presencial en Santiago de Compostela)

- Admisión da Universidade Intercontinental da Empresa (UIE) como novo membro do consorcio e, no seu caso, proposta de modificación dos Estatutos de ACSUG.
- Composición dos órganos de goberno, consultivos e de avaliación.
- Protocolo de resolución de reclamacións e queixas interpostas ante ACSUG, en cumprimento das directrices de ENQA.
- Modificación do Código Ético de ACSUG.
- Situación do cadro de persoal.
- Convenios con outras institucións.
- Planificación de actividades 2022.
- Proxecto de orzamentos do exercicio 2022 (PAIF).
- Resumo do Sistema de Xestión do segundo semestre de 2021.

GRUPO DE TRABALLO DO NOVO PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO 2022/2026

O presidente, don Ernesto Pedrosa Silva, participou por videoconferencia nas reunións celebradas os días 29 de xaneiro, 26 de febreiro e 9 de abril.

CONVOCATORIAS OFICIAIS. VIGO

CIDADE UNIVERSITARIA, S.A. - CUSA

O presidente, don Ernesto Pedrosa Silva, participou nas seguintes xuntanzas de Cidade Universitaria, para abordar os seguintes asuntos, entre outros:

8 de abril (presencial no Campus de Vigo)

Consello de administración:

- Aprobación, se procede, do informe de xestión do exercicio pechado a 31 de Decembro de 2020.
- Formulación polo Consello de Administración, das contas anuais da sociedade: Balance de situación, conta de perdidas e ganancias, estado de cambios no patrimonio neto e memoria, correspondentes ó exercicio pechado a 31 de Decembro de 2020.
- Formulación polo Consello de Administración da proposta de aplicación do resultado do exercicio pechado a 31 de Decembro de 2020.
- Informe sobre a modificación dos Estatutos da Sociedade para regular a asistencia a Xunta Xeral de Accionistas e o Consello de Administración por medio de videoconferencia e emisión do voto a distancia.
- Convocatoria da Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas, para a aprobación das contas anuais da sociedade formuladas neste Consello de Administración e o resto dos acordos.

28 de maio (presencial no Campus de Vigo)

Consello de administración:

- Análise das contas de Cidade Universitaria do 1º trimestre do 2021, e estimación para o 2º .
- Delegación de facultades.

Xunta xeral ordinaria de accionistas:

- Ratificación da constitución da Xunta Xeral Ordinaria e designación do Presidente e Secretario.
- Aprobación ou censura das Contas Anuais do exercicio pechado a 31 de decembro do 2020.
- Aprobación, no seu caso, da proposta de aplicación do resultado do exercicio 2020
- Aprobación ou censura da xestión social no exercicio pechado a 31 de decembro de 2020, así como do Informe de Xestión correspondente a dito exercicio.
O traballo de campo deste estudo desenvolveuse entre os días 27 de xaneiro e 5 de abril de 2021, obténdose 2283 respostas válidas e, ao igual ca no estudo realizado en 2020 sobre a primeira onda da pandemia, o impacto foi abordado desde tres ópticas: laboral, en referencia á incidencia na taxa de ocupación e de desemprego; sanitaria, en relación a porcentaxe de contaxios no ámbito laboral, e, por último, no modo de traballo, é dicir, as medidas organizativas tomadas polas empresas para encarar a pandemia. Ademais, abordouse dun xeito específico a implantación do teletraballo, incluíndo a súa potencialidade, factores facilitadores, vantaxes, in-

convenientes e habitabilidade das vivendas.

O aumento da carga de traballo afectou máis ás mulleres

Un dos datos máis destacados que pon agora o informe sobre a mesa é que o 44% das persoas que responderon á enquisa viron aumentada a súa carga de traballo, un feito que afectou sobre todo ás mulleres (49,3% fronte ao 36,5% dos homes). Ademais, esta carga de traballo aumentou máis en Galicia (46,2%) ca no resto do mundo (34,3%) ou outra comunidade autónoma (38,9%) e foron os empregados públicos (57%) os que máis carga de traballo experimentaron. Fronte a isto un 11% dos traballadores e traballadoras viron diminuída a súa carga de traballo.

O desemprego baixa un7% e a ocupación sube preto dun 2%

En canto ao impacto laboral da segunda onda da pandemia, a 31 de decembro a inmensa maioría dos participantes (85,4%) mantivo o seu emprego e, de feito, a taxa de ocupación incrementouse un 1,68%, ao pasar do 89,5% en setembro ao 91% en decembro. De novo, a ocupación dos homes experimentou un crecemento superior ao das mulleres e foi maior no estranxeiro que en Galicia. En relación con isto, tan só un 2,1% das persoas tituladas mudou de emprego e, entre os que estaban buscando traballo, atopárono un 3,5%, destacando como sectores económicos do novo emprego a docencia (40%), seguido pola investigación (12,5%), a administración pública (11%) e alimentación/industria e servizos sociais (5,6% ambos).

Os resultados definitivos do informe constatan a baixada da taxa de desemprego nun 7,14%, superando a baixada masculina á feminina e sendo maior a diminución no estranxeiro e en Galicia ca no resto de España, onde, polo contrario, se viu incrementada.

Nestas mesmas datas, o 2% das persoas tituladas que participaron no estudo perderon o seu emprego, sendo os bolseiros e bolseiras os máis prexudicados, seguidos polos contratos eventuais e indefinidos, sobre todo no sector turismo e restauración (13,3%) e actividades deportivas (12,5%).

En Galicia o traballo presencial foi maioritario

Como modalidade de traballo impúxose nesta segunda onda a presencialidade (52,9%), fronte a un 43% de teletraballo, ben de forma parcial (23%) ou total (19,7%), e un 2,3% dos traballadores/as viuse afectado por Expedientes de Regulación Temporal de Emprego (ou figura semellante no estranxeiro) e un 2% permaneceu na casa sen traballar.

Os homes teletraballaron (47,3%) máis cas mulleres (39,5%) e, si se atende á localización xeográfica, en Galicia o traballo presencial foi maioritario (59,8%) contra o 20,9% no estranxeiro e 32,3% noutras comunidades autónomas. Por rama de actividade o teletraballo a tempo completo/total implantouse sobre todo na empresa privada (24,2%) e nas entidades non lucrativas (23,8%), mentres que no sector público reduciuse ao 11,9%.

Polo que se refire á posibilidade de teletraballar o 81% dos participantes no estudo consideran que o seu posto de traballo permite teletraballar de forma parcial ou total e esta cifra elévase a máis do 90%, se se analizan só as respostas daquelas persoas que traballan no estranxeiro ou noutras comunidades autónomas. Apenas se atopan diferencias por sectores, permitindo teletraballar a totalidade de empregos do sector dos medios de comunicación/audiovisuais e servizos informáticos, así como na banca e seguros (98,8%), as te-

lecomunicacións (98,7%), a enxeñaría (98,3%), as consultarías, etc. Por outra banda, case a metade dos enquisados afirma que teletraballaría máis e mellor se contasen cos recursos técnicos adecuados e houbese vontade por parte das empresas e entidades e, ademais disto, máis do 80% das persoas con opción de teletraballo desexarían facelo a maior parte da semana.

Reducir o tempo de desprazamento e aforrar gastos son as dúas principais vantaxes ligadas ao teletraballo, pero non as únicas, na listaxe de puntos a favor aparecen tamén cuestións como pasar máis tempo coa familia, contribuír a mellorar o ambiente e aumentar a produtividade. Fronte a isto, os principais inconvenientes fan referencia ao illamento social e diferentes factores ligados á desconexión dixital, entre eles a confusión entre o horario laboral e a vida persoal e a sobrecarga de traballo.

A caída de ingresos afectou a preto do 30% das persoas participantes

O estudo avaliou tamén o impacto da crise económica producida pola pandemia na economía persoal e doméstica das persoas tituladas e concluíu que a caída nos ingresos afectou ao 26,5% das familias, prexudicando máis ás mulleres (28,3%) ca a os homes (23,7%). En consonancia con estes datos eles son máis optimistas ca elas (26,4% contra 17,7%) nas expectativas de mellorar as súas economías no curto prazo.

ESTUDO DO CONSELLO SOCIAL EN COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN UVIGO

INFORME DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES POR SECTORES EMPRESARIAIS E TITULACIÓNS

1. PRESENTACIÓN. OBXECTIVOS

O Consello Social e a Fundación Universidade de Vigo veñen colaborando nos últimos dez anos na elaboración de estudos e informes de interese para a comunidade universitaria. Ambas entidades comparten o obxectivo de achegar a Universidade de Vigo á súa contorna social e económica e, entre outros, teñen como fins específicos: a realización de actuacións que favorezan a empregabilidade do alumnado, impulsar vía de colaboración con entidades e empresas, e a análise de distintos aspectos que podan apoiar a formación universitaria e o desenvolvemento local.

Entre os traballos realizados no marco desta colaboración destaca o estudo e análise das prácticas académicas externas extracurriculares do alumnado da Universidade de Vigo. As prácticas externas son unha ferramenta decisiva na formación integral do alumnado, permiten que se acheguen á realidade profesional e facilitan a súa relación cos distintos sectores socio-económicos aumentando a súa empregabilidade.

Por outra banda, as relacións con empresas e institucións que se establecen a través das prácticas externas é un instrumento valioso para testar a formación que está a recibir o alumnado universitario e establecer accións de mellora, ademais de permitir identificar aqueles sectores económicos que presentan maior crecemento e dinamismo.

Desde o curso académico 2011/2012 elabórase un

informe de prácticas académicas extracurriculares por sectores de actividade. Estes informes tratan e sistematizan a información dispoñible na Fundación Universidade de Vigo como entidade xestora das prácticas académicas extracurriculares.

OBXECTIVOS DO INFORME	√ Identificar os ámbitos de formación que acadan un maior nivel de prácticas √ Dispoñer de datos comparativos desde unha perspectiva temporal √ Apoiar o valor estratéxico da UVigo como motor de desenvolvemento social e económico √ Apoiar posibles actuacións que favorezan a empregabilidade dos titulados universitarios
PRINCIPAIS INDICADORES	• Número de prácticas realizadas extracurriculares • Número de empresas/entidades colaboradoras • Número de prácticas realizadas por ámbito de coñecemento do alumnado • Sectores económicos/sociais das empresas/entidades nas que se realizan as prácticas • Tipo de empresas e entidades • Relación entre sectores económicos e ámbito de coñecemento do alumnado na realización de prácticas • Ratio: Número estudantes/empresa • Número de prácticas por sectores e sexo • Evolución das prácticas extracurriculares nos últimos 10 cursos académicos PERÍODO ANALIZADO: CURSO ACADÉMICO 2020/2021

Efectos da Covid-19 na realización de prácticas

Ao igual que o curso académico anterior, a realización de prácticas viuse afectada polas restricións derivadas da situación epidemiolóxica. Desde o inicio da pandemia en marzo de 2020 foron moitos os sectores económicos que viron limitada a súa actividade, cando non comprometida a súa viabilidade como nos sectores turístico, cultural ou hostaleiro.

En todo caso no curso 2020-2021 obsérvase unha recuperación na realización de prácticas extracurriculares, reflexo igualmente da recuperación paulatina da actividade económica e social.

2. DATOS XERAIS DE ALUMNADO E SECTORES DE ACTIVIDADE

2.1 NÚMERO DE ESTUDANTES E EMPRESAS

CURSO 2020-2021	
NÚMERO PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS (EXTRACURRICULARES)	824
NÚMERO EMPRESAS	541

RATIO PRÁCTICAS/EMPRESAS: 1,52

Durante o curso académico 2020/2021 realizáronse 824 prácticas académicas externas extracurriculares, nun total de 542 empresas e entidades, o que supón unha ratio de 1,52 prácticas por empresa.

CURSO 2020-2021



NOTA: *os datos recollidos neste informe fan referencia ao número de prácticas externas extracurriculares realizadas polo alumnado da Universidade de Vigo. O número de prácticas realizadas non coincide co número de estudantes que as realizan posto que un estudante pode realizar máis dunha práctica.*


2.2. NÚMERO DE PRÁCTICAS POR ÁMBITO DE ESTUDO E SEXO

Clasifícanse os estudantes en 5 ámbitos de estudos: Xurídico-Social; Tecnolóxico; Científico; Ciencias da saúde; e Arte e Humanidades.

Durante o curso académico 2020/2021, as prácticas académicas externas distribúense por ámbito de estudos do seguinte xeito:

ÁMBITO DE ESTUDOS	Nº PRÁCTICAS TOTAIS	HOMES	MULLERES
Xurídico-Social	354	131	223
Ciencias da Saúde	45	24	21
Tecnolóxico	280	199	81
Científico	116	41	75
Arte e Humanidades	29	12	17
TOTAL	**824**	**407**	**417**

DISTRIBUCIÓN POR SEXO E ÁMBITO DE ESTUDOS



Obsérvase que os ámbitos con maior número de prácticas son o Xurídico Social e o Tecnolóxico. Por sexo, o no de prácticas realizadas por mulleres é maior en todos os ámbitos agás no tecnolóxico e en ciencias da saúde.

RELACIÓN ENTRE A MATRÍCULA E O NÚMERO DE PRÁCTICAS POR ÁMBITO DE ESTUDOS E SEXO

No curso académico 2020/2021 a porcentaxe de estudantes matriculados/as por ámbito e sexo é a seguinte:

ÁMBITO DE ESTUDOS	% HOMES EN PRÁCTICAS	% HOMES MATRICULADOS	% MULLERES EN PRÁCTICAS	% MULLERES MATRICULADAS
Xurídico-Social	37,01	38,36	62,99	61,64
Ciencias da Saúde	53,33	22,81	46,67	77,19
Tecnolóxico	71,07	76,55	28,93	23,45
Científico	35,34	44,55	64,66	55,45
Arte e Humanidades	41,38	28,21	58,62	71,79

Derivado do cadro anterior obsérvase o seguinte:

• A porcentaxe de mulleres matriculadas é superior en todos os ámbitos, agás no ámbito tecnolóxico.

• Dita porcentaxe é moi maioritaria nos ámbitos de Ciencias da Saúde e Arte e Humanidades.

• Respecto á correlación entre a porcentaxe de prácticas por sexo en relación á porcentaxe de matrícula: nos ámbitos Científico, Tecnolóxico e é maior o peso das mulleres en prácticas que o que correspondería pola % de matrícula que representan; no ámbito Xurídico-Social é practicamente equilibrado; e no ámbito de Ciencias da Saúde é moi superior a porcentaxe de homes en prácticas en relación a porcentaxe de matrícula, se ben, o número de prácticas extracurriculares neste ámbito é moi reducida polo que dita porcentaxes non son concluíntes.

2.3 NÚMERO DE EMPRESAS POR SECTOR DE ACTIVIDADE

As prácticas realizáronse no curso académico 2020/2021 en 541 empresas, que se clasifican por sector de actividade e de acordo co seu CNAE do seguinte xeito:

CNAE	Nº PRÁCTICAS	%	EMPRESAS	%
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	16	1,94%	15	2,77%
Industrias extractivas	1	0,12%	2	0,37%
Industria manufactureira	**123**	14,93%	**78**	14,42%
Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	3	0,36%	3	0,55%
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos	2	0,24%	2	0,37%

CNAE	Nº PRÁCTICAS	%	EMPRESAS	%
Construción	26	3,16%	23	4,25%
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor	31	3,76%	27	4,99%
Transporte e almacenamento	16	1,94%	12	2,22%
Hostalería	10	1,21%	8	1,48%
Información e comunicacións	**99**	12,01%	**56**	10,35%
Actividades financeiras e de seguros	10	1,21%	9	1,66%
Actividades inmobiliarias	3	0,36%	3	0,55%
Actividades profesionais, científicas e técnicas	**251**	30,46%	**155**	28,65%
Actividades administrativas e servizos auxiliares	32	3,88%	27	4,99%
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	52	6,31%	27	4,99%
Educación	23	2,79%	13	2,40%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	48	5,83%	36	6,65%
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	18	2,18%	15	2,77%
Outros servizos	56	6,80%	28	5,18%
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	4	0,49%	2	0,37%
TOTAL	**824**	**100%**	**541**	**100%**

O 57,40% das prácticas extracurriculares realízanse en empresas que pertencen a 3 sectores de actividade: Actividades profesionais, científicas e técnicas; Industria manufactureira; e Información e comunicacións.

O sector con maior porcentaxe é o de Actividades profesionais, científicas e técnicas, que abarca unha ampla variedade de actividades empresariais recollidas no apartado do CNAE, entre outros: actividades xurídicas e de contabilidade, actividades de consultaría de xestión empresarial, relacións públicas, publicidade e comunicación, servizos técnicos de arquitectura ou enxeñaría, ensaios e análises clínicos, investigación e desenvolvemento, tradución e interpretación e actividades veterinarias.

O sector de Industria manufactureira inclúe diversas actividades de fabricación coma alimentación, téxtil, mobles, vehículos, equipos informáticos e metalurxia, entre outras.

O sector de Información e comunicacións abarca actividades de edición; actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión; telecomunicacións; programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática e servizos de información.

2.4. NÚMERO DE ESTUDANTES POR ÁMBITO DE ESTUDO E POR SECTOR DE ACTIVIDADE

Clasifícanse os estudantes en 5 ámbitos de estudos: Xurídico-Social, Tecnolóxico, Científico, Ciencias da saúde e Arte e Humanidades.

ÁMBITO DE ESTUDOS XURÍDICO-SOCIAL:

Trátase do ámbito de coñecemento que contou con máis estudantes en prácticas durante o curso 2020/2021, realizando prácticas en 4 sectores principalmente: Actividades profesionais, científicas e técnicas seguido polo sector de Actividades administrativas e servizos auxiliares; Comercio ao por maior e ao por menor e Industria manufactureira.

XURÍDICO-SOCIAL	EMPRESAS	ESTUDANTES
Actividades profesionais, científicas e técnicas	95	**127**
Información e comunicacións	24	**31**
Industria manufactureira	24	**30**
Actividades administrativas e servizos auxiliares	24	**30**
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	17	24
Outros servizos	12	18
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor	16	16
Construción	12	13
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	12	12
Transporte e almacenamento	7	11
Actividades financeiras e de seguros	9	10
Educación	7	9
Hostalería	6	7
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	4	4
Actividades sanitarias e de servizos sociais	4	4
Actividades inmobiliarias	3	3
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	1	3
Industrias extractivas	1	1
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos	1	1
TOTAL	**279**	**354**

ÁMBITO DE ESTUDOS TECNOLÓXICO:

Tras o xurídico-social, o ámbito tecnolóxico é o que tivo máis estudantes en prácticas durante o curso 2020-2021, 280 estudantes, que realizaron prácticas en tres sectores de actividade principalmente: Actividades profesionais, científicas e técnicas; Industria manufactureira e Información e comunicacións.

TECNOLÓXICO	EMPRESAS	ESTUDANTES
Actividades profesionais, científicas e técnicas	41	**84**
Industria manufactureira	37	**69**
Información e comunicacións	32	**66**
Construción	12	13
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor	8	9
Educación	2	9
Outros servizos	6	8
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	6	7
Transporte e almacenamento	5	5
Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	3	3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	2	2
Actividades sanitarias e de servizos sociais	2	2
Industrias extractivas	1	1
Hostalería	1	1
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1	1
TOTAL	**159**	**280**

ÁMBITO DE ESTUDOS CIENTÍFICO:

As prácticas realízanse principalmente nos sectores de e Actividades profesionais, científicas e técnicas e en outros servizos como poden ser actividades asociativas ou servizos persoais.

CIENTÍFICO	EMPRESAS	ESTUDANTES
Actividades profesionais, científicas e técnicas	19	**31**
Outros servizos	5	**24**
Industria manufactureira	22	22
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	7	16
Actividades sanitarias e de servizos sociais	5	8
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	5	5
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor	5	5
Educación	2	3
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos	1	1
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	1	1
TOTAL	**72**	**116**

ÁMBITO DE ESTUDOS CIENCIAS DA SAÚDE:

Neste ámbito o alumnado realiza prácticas curriculares e incluídas polo tanto no plan de estudos, polo que normalmente é reducido o número de prácticas extracurriculares realizadas.

Os sectores de actividades que ofrecen maior número de prácticas extracurriculares son principalmente *Actividades sanitarias e servizos sociais; Administración pública e defensa e Seguridade Social obrigatoria*.

CIENCIAS DA SAÚDE	EMPRESAS	ESTUDANTES
Actividades sanitarias e de servizos sociais	26	**34**
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	2	**5**
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	1	3
Hostalería	1	2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	1	1
TOTAL	**31**	**45**

ÁMBITO DE ESTUDOS ARTE E HUMANIDADES:

O sector de Actividades profesionais, científicas e técnicas e Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria e Outros Servizos ofrecen o maior número de estudantes en prácticas neste ámbito..

ARTES E HUMANIDADES	EMPRESAS	ESTUDANTES
Actividades profesionais, científicas e técnicas	7	**8**
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	4	**6**
Outros servizos	4	**6**
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	3	3
Industria manufactureira	2	2
Información e comunicacións	2	2
Educación	2	2
TOTAL	**24**	**29**

2.5. NÚMERO EMPRESAS CLASIFICADAS POR CNAE E ÁMBITO DE ESTUDO DOS ESTUDANTES QUE REALIZARON PRÁCTICAS

CNAE	XURÍDICO-SOCIAL	TECNO-LÓXICO	CIENTÍFICO	CIENCIAS DA SAÚDE	ARTES E HUMANIDADES	TOTAL
Actividades profesionais, científicas e técnicas	**95**	**41**	19	1	**7**	**163**
Industria manufactureira	24	37	**22**		2	**85**
Información e comunicacións	24	32			2	**58**
Actividades sanitarias e de servizos sociais	4	2	5	**26**		37
Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	17	1	7	2	4	31
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor	16	8	5			29
Outros servizos	12	6	5		4	27
Actividades administrativas e servizos auxiliares	24	2				26
Construción	12	12				24

CNAE	XURÍDICO-SOCIAL	TECNO-LÓXICO	CIENTÍFICO	CIENCIAS DA SAÚDE	ARTES E HUMANIDADES	TOTAL
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	12			1	3	16
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	4	6	5			15
Educación	7	2	2		2	13
Transporte e almacenamento	7	5				12
Actividades financeiras e de seguros	9					9
Hostalería	6	1		1		8
Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado		3				3
Actividades inmobiliarias	3					3
Industrias extractivas	1	1				2
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos	1		1			2
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	1		1			2
TOTAL	279	159	72	31	24	565

** Hai empresas que acollen estudantes en prácticas de distintos ámbitos, de aí que este número sexa maior que o número de empresas totais diferentes.*

Tendo en conta o CNAE das empresas clasificadas polo ámbito de estudos podemos observar que os estudos mais demandados son os do ámbito xurídico social, como son o grao en administración e dirección de empresas ou o grao en economía. Este tipo de estudos son mais demandados en departamentos administrativos de empresas cuxo CNAE é Actividades profesionais, científicas e técnicas.

3. ESTUDANTES EN PRÁCTICAS CLASIFICADO POR SEXO E ÁMBITO DE ESTUDOS. (HISTÓRICO)

3.1 PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES POR SEXO E ÁMBITO DE ESTUDOS

Nº PRÁCTICAS	Curso 2015-2016		Curso 2016-2017		Curso 2017-2018		Curso 2018-2019		Curso 2019-2020		Curso 2020-2021	
ÁMBITO DE ESTUDOS	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES
Xurídico-Social	34,68	65,32	36,18	63,82	33,21	66,79	35,10	64,90	41,87	58,13	37,01	62,99
Tecnolóxico	68,67	31,33	71,39	28,61	68,99	31,01	68,94	31,06	70,37	29,63	71,07	28,93
Científico	38,62	61,38	43,50	56,50	38,56	61,44	29,11	70,89	41,30	58,70	35,34	64,66
(*) Ciencias da saúde	36,36	63,64	32,43	67,57	30,19	69,81	30,00	70,00	37,50	62,50	53,33	46,67
(*) Arte e Humanidades	35,84	64,16	27,12	72,88	21,88	78,12	29,41	70,59	20,59	79,31	41,38	58,62

** O número de prácticas extracurriculares nestes ámbitos non é representativo, polo que a comparativa non procede sen ter en conta as prácticas curriculares.*

Con respecto ao sexo do alumnado que realiza prácticas, observamos que existe unha diferenza importante en todos os ámbitos entre a porcentaxe de homes e mulleres, sendo maior o número de mulleres en todos os casos agás no ámbito tecnolóxico, e a excepción deste curso 2020/2021 que é un pouco inferior tamén en ciencias da saúde.

3.2 NÚMERO DE ESTUDANTES MATRICULADOS CLASIFICADOS POR ÁMBITO DE ESTUDOS

Nº PRÁCTICAS	Curso 2015-2016		Curso 2016-2017		Curso 2017-2018		Curso 2 018-2019		Curso 2019-2020		Curso 2020-2021	
ÁMBITO DE ESTUDOS	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES	% HOMES	% MULLERES
Xurídico-Social	38,66	61,34	39,52	60,48	38,89	61,11	39,81	60,19	39,10	60,90	38,36	61,64
Tecnolóxico	76,76	23,24	76,85	23,15	77,85	22,15	78,05	21,95	76,89	23,11	76,55	23,45
Científico	43,46	56,54	44,42	55,58	44,49	55,51	45,10	54,90	44,69	55,31	44,55	55,45
Ciencias da saúde	22,54	77,46	22,52	77,48	22,95	77,05	22,49	77,51	23,84	76,16	22,81	77,19
Arte e Humanidades	28,87	71,13	26,10	73,90	25,57	74,43	23,13	76,87	27,09	72,91	28,21	71,79

Da comparación dos cadros anteriores pódese concluír que a porcentaxe en prácticas nos distintos ámbitos de estudos garda relación coa porcentaxe que representan sobre o conxunto da matrícula. A excepción neste curso 2020/2021 é que hai unha maioría de homes en prácticas extracurriculares en ciencias da saúde en relación da porcentaxe da súa matrícula.


3.3. ESTUDANTES EN PRÁCTICAS POR SEXO E CNAE DAS EMPRESAS

A seguinte gráfica amosa o número de estudantes por sexo e CNAE das empresas. Sinalar que:

• En *Actividades profesionais, científicas e técnicas e Actividades administrativas e servizos auxiliares* son máis mulleres as que acceden a este tipo de empresas.

• En *Industria manufactureira e de Información e comunicacións* as prácticas realizadas por homes son maiores que as realizadas por mulleres.

NÚMERO DE ESTUDANTES POR SEXO E CNAE



4. ESTUDANTES EN PRÁCTICAS CLASIFICADOS POR TAMAÑO E TIPO DE EMPRESA

ESTUDANTES POR TIPO DE EMPRESA	CURSO 13-14	CURSO 14-15	CURSO 15-16	CURSO 16-17	CURSO 17-18	CURSO 18-19	CURSO 19-20	CURSO 20-21
Autónomo	127	88	96	73	78	82	33	65
Pequena (menos de 50 traballadores)	555	541	612	549	449	398	242	389
Mediana (entre 50 e 500 traballadores)	151	149	169	167	181	135	96	122
Grande (máis de 500 traballadores)	66	88	67	70	74	71	58	65
Multinacional	97	62	99	74	105	108	21	33
Administración Pública	89	99	119	142	123	66	33	86
Fundación/Entidade sen ánimo de lucro	60	96	107	115	109	86	62	64
TOTAL	**1145**	**1123**	**1269**	**1190**	**1119**	**946**	**544**	**824**

ESTUDANTES EN PRÁCTICAS POR TAMAÑO E TIPO DE EMPRESA 2020/2021



Observando o gráfico anterior vemos que as empresas que máis demandan estudantes en prácticas son as pequenas empresas seguido das empresas medianas. A realización de prácticas é unha vía utilizada polas empresas como método de selección de futuros traballadores e traballadoras.

5. HISTÓRICO DOS ÚLTIMOS 10 CURSOS ACADÉMICOS


5.1 TOTAL ESTUDANTES E EMPRESAS

Neste curso académico 2020/2021 prodúcese un crecemento importante do número de prácticas realizadas en relación ao curso anterior, se ben non se acada o volume de prácticas previo á pandemia derivada da Covid-19. Debe terse en conta que durante todo o curso mantivéronse distintos niveis de restricións, coincidindo o inicio do proceso de desescalada coa finalización do curso académico. A pesares do anterior si se observa unha importante recuperación da actividade en relación a marzo- agosto de 2020.

Igualmente sinalar que continúa a tendencia da baixa resposta do estudantado ás convocatorias de prácticas realizadas, que quedan en moitos casos desertas ou teñen poucos candidatos, feito que se observa especialmente nas prácticas non remuneradas.

No curso 2019/2020 o descenso é máis importante debido aos efectos producidos pola situación sanitaria.

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE ESTUDANTES EN PRÁCTICAS
E DO NÚMERO DE EMPRESAS ONDE REALIZAN AS PRÁCTICAS



5.2. RATIO PRÁCTICAS POR ÁMBITO E EMPRESA

ÁMBITO	2011/2012			2012/2013			2013/2014			2014/2015		
	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO
Xurídico-Social	403	247	1,63	480	301	1,59	545	359	1,52	547	407	1,34
Tecnolóxico	345	264	1,31	348	238	1,46	396	230	1,72	364	244	1,49
Científico	113	69	1,64	144	75	1,92	116	55	2,11	124	60	2,06
Arte e Humanidades	25	20	1,25	80	37	2,16	40	35	1,14	50	37	1,35
Ciencias da saúde	3	2	1,50	14	6	2,33	48	24	2	38	23	1,65
TOTAL	**889**	**602**	**1,48**	**1066**	**657**	**1,62**	**1145**	**703**	**1,63**	**1123**	**771**	**1,46**

ÁMBITO	2015/2016			2016/2017			2017/2018			2018/2019		
	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO
Xurídico-Social	617	400	1,54	480	301	1,59	545	359	1,52	547	407	1,34
Tecnolóxico	399	229	1,74	348	238	1,46	396	230	1,72	364	244	1,49
Científico	145	71	2,04	144	75	1,92	116	55	2,11	124	60	2,06
Arte e Humanidades	55	27	2,03	80	37	2,16	40	35	1,14	50	37	1,35
Ciencias da saúde	53	30	1,76	14	6	2,33	48	24	2	38	23	1,65
TOTAL	**1269**	**757**	**1,68**	**1066**	**657**	**1,62**	**1145**	**703**	**1,63**	**1123**	**771**	**1,46**

ÁMBITO	2019/2020			2020/2021		
	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO	PRÁCTICAS	EMPRESAS	RATIO
Xurídico-Social	246	186	1,32	354	279	1,27
Tecnolóxico	216	111	1,94	45	31	1,45
Científico	46	33	1,39	280	159	1,76
Arte e Humanidades	29	19	1,53	116	72	1,61
Ciencias da saúde	8	6	1,33	29	24	1,21
TOTAL	**545**	**355**	**1,53**	**824**	**565***	**1,46**

**NOTA: O estudantado realizou prácticas académicas externas extracurriculares en 565 empresas. Varias destas empresas acolleron estudantes de distintos ámbitos, o que explica a diferenza co total de empresas por ámbito que figura nesta táboa.*

5.3 ÁMBITO DE ESTUDOS DOS ESTUDANTES QUE REALIZARON PRÁCTICAS POR CURSO ACADÉMICO


EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE ESTUDANTES EN PRÁCTICAS POR ÁMBITO



A gráfica amosa un descenso do número de estudantes en prácticas a partir do curso 2016/2017, descenso moderado ata o curso 2019-2020 no que se reducen dun xeito importante debido á súa suspensión por mor da emerxencia sanitaria. Obsérvase igualmente unha recuperación das prácticas realizadas moi relevante no curso 2020/2021 que reflexan o aumento paulatino da actividade que se produciu durante o período.

Os ámbitos xurídico social e tecnolóxico seguen a ser os máis demandados para a realización de prácticas polo alumnado.


EVOLUCIÓN DA PORCENTAXE DO NÚMERO DE ESTUDANTES EN PRÁCTICAS POR ÁMBITO



Na evolución dos estudantes en porcentaxe, obsérvase que ten unha tendencia estable mentres que o tecnolóxico presenta un importante repunte no curso 2019-2020. Desde marzo do 2020 gran parte das prácticas presenciais realizáronse de forma telemática.

5.4 EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE EMPRESAS POR SECTORES DE ACTIVIDADE E CURSO ACADÉMICO


EVOLUCIÓN NÚMERO EMPRESAS POR SECTOR DE ACTIVIDADES E CURSO ACADÉMICO



As empresas do sector de actividades profesionais, científicas e técnicas con estudantes en prácticas tiveron un crecemento alto ata o ano 2015 e a partir deste ano un descenso igualmente importante. O resto de sectores presentan unha evolución máis estable, descendendo lixeiramente a partir do exercicio 2016/2017 agás o sector de información e comunicacións. No 2019/2020 o descenso é moito máis acusado debido aos efectos da crise sanitaria. Na maioría dos sectores de actividade acádase os niveis do curso 2019/2020, os principais descensos son en comercio por maior e por menor, reparación vehículos motor; en actividades financeiras e de seguros e na Industria manufactureira.

5.5 EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE ESTUDANTES POR SECTOR DE ACTIVIDADE E CURSO ACADÉMICO

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE ESTUDANTES NOS SECTORES CON MÁIS ACTIVIDADES CON MÁIS ESTUDANTES EN PRÁCTICAS



Ao igual que na gráfica anterior destaca a evolución dos estudantes en prácticas no sector de actividades profesionais ata o ano 2015. O resto dos sectores presentan unha evolución máis estable, descendendo lixeiramente a partir do exercicio 2016/2017 agás a industria manufactureira. No 2019/2020 o descenso é moito máis acusado debido aos efectos da crise sanitaria. No 2020/2021 recupérase aínda que baixa o número de prácticas principalmente nos seguintes sectores de actividade: comercio ao por maior e por menor; reparación vehículos motor; actividades administrativas e servizos auxiliares; actividades financeiras e de seguros e en Educación.

PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS

CURSO ACÁDEMICO 2020/2021

I O número de prácticas increméntase no curso académico 2020/2021, respecto o curso anterior debido á recuperación progresiva das distintas actividades empresariais a partir do levantamento da suspensión das prácticas, se ben, non se recupera o número de prácticas do curso 2019/2020.

II Realizáronse 824 prácticas académicas extracurriculares durante o curso académico.

III Os sectores de actividade ao que pertencen as 342 entidades e empresas que tiveron estudantes realizando prácticas extracurriculares son fundamentalmente 4: actividades profesionais, científicas e técnicas; industria manufactureira; información e comunicacións e Actividades sanitarias e de servizos sociais.

IV Neste curso académico a Fundación Universidade de Vigo xestionou 264 convenios de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas. Deles, o 62,88% asináronse con sociedades limitadas; o seguinte bloque en importancia son as Sociedades Anónimas que representan o 14,39% do total, seguido dos autónomos, 12,50%.

V Os ámbitos de coñecemento que contaron con máis estudantes en prácticas foron o xurídico social, seguido do tecnolóxico e do científico.

VI As empresas cuxo CNAE é actividades profesionais, científicas e técnicas son as que máis demandan estudos do ámbito xurídico social, tecnolóxico, científico e arte e humanidades.

VII As empresas cuxo CNAE é Actividades sanitarias e de servizos sociais o que máis solicitan son estudos de ciencias da saúde.

VIII En relación ás prácticas extracurriculares realizadas por ámbito, sinalar que o ámbito científico é o terceiro máis demandado polas empresas, mentres que o terceiro ámbito por número de estudantes matriculados é o de arte e humanidades.

IX A porcentaxe de mulleres en prácticas nos distintos ámbitos de estudos garda relación coa porcentaxe que representan sobre o conxunto da matrícula. Sen embargo, a porcentaxe de mulleres en prácticas é en todos os casos superior á porcentaxe que representan sobre a matrícula no seu ámbito, agás este curso académico no ámbito tecnolóxico e de ciencias da saúde.

COMPARATIVA CURSOS ACADÉMICOS 2011/2012 – 2020/2021

I O número medio de prácticas nos 10 últimos cursos académicos é de 1011.

II O número medio de empresas colaboradoras nos 9 últimos cursos académicos é de 638.

III A ratio media de prácticas por empresa é de 1,58

IV As empresas que teñen máis estudantes en prácticas nos últimos 8 cursos académicos son principalmente empresas pequenas (media do 45,77%), medianas (media do 14,34%) e administracións públicas (media do 9,46%)

V Sobre a evolución do número de prácticas nos últimos 10 cursos, obsérvase un descenso moderado a partir do curso 2015/2016 e unha caída moi importante no curso 2019/2020 derivado da suspensión das prácticas por mor da pandemia da Covid-19. Igualmente obsérvase unha recuperación tamén moi relevante das prácticas realizadas no curso 2020- 2021, reflexo da recuperación paulatina da actividade económica e social a medida que a situación epidemiolóxica melloraba os seus indicadores.

ANEXO I. CLASIFICACIÓN CNAE

	GRUPO	SUBGRUPO	SECTOR DE ACTIVIDADE
Agricultura gandería, silvicultura e pesca	A	1	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas
		2	Silvicultura e explotación forestal
		3	Pesca e acuicultura
Industrias extractivas	B	5	Extracción de antracita, hulla e lignito
		6	Extracción de cru de petróleo e gas natural
		7	Extracción de minerais metálicos
		8	Outras industrias extractivas
		9	Actividades de apoio ás industrias extractivas
Industria manufactureira	C	10	Industria da alimentación
		11	Fabricación de bebidas
		12	Industria do tabaco
		13	Industria téxtil
		14	Confección de prendas de vestir
		15	Industria do coiro e do calzado
		16	Industria da madeira e do cortiza, excepto mobles; cestería e espartería
		17	Industria do papel
		18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados
		19	Coquerías e refino de petróleo
		20	Industria química
		21	Fabricación de produtos farmacéuticos
		22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos
		23	Fabricación de outros produtos minerais no metálicos
		24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaleacións
		25	Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo
		26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos
		27	Fabricación de material e equipo eléctrico
		28	Fabricación de maquinaria e equipo
		29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques
		30	Fabricación de outro material de transporte
		31	Fabricación de mobles
		32	Outras industrias manufactureiras
		33	Reparación e instalación de maquinaria e equipo
Fornezo enerxía eléctrica, gas, vapor, aire acondicionado	D	35	Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado

	GRUPO	SUBGRUPO	SECTOR DE ACTIVIDADE
Fornezo de auga, actividades de saneamento, xestión residuos e descontaminación	E	36	Captación, depuración e distribución de auga
		37	Recollida e tratamento de augas residuais
		38	Recollida, tratamento e eliminación de residuos; valorización
		39	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos
Construción	F	41	Construción de edificios
		42	Enxeñaría civil
		43	Actividades de construción especializada
Comercio ao por maior e ao por menor; reparación de vehículos de motor	G	45	Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas
		46	Comercio ao por maior e intermediarios do comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas
		47	Comercio ao por menor, excepto de vehículos de motor e motocicletas
Transporte e almacenamento	H	49	Transporte terrestre e por tubeira
		50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores
		51	Transporte aéreo
		52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte
		53	Actividades postais e de correos
Hostalería	I	55	Servizos de aloxamento
		56	Servizos de comidas e bebidas
Información e comunicacións	J	58	Edición
		59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical
		60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión
		61	Telecomunicacións
		62	Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática
		63	Servizos de información
Actividades financeiras e de seguros	K	64	Servizos financeiros, excepto seguros e fondos de pensións
		65	Seguros, reaseguros e fondos de pensións, excepto Seguridade Social obrigatoria
		66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros
Actividades inmobiliarias	L	68	Actividades inmobiliarias
Actividades profesionais, científicas e técnicas	M	69	Actividades xurídicas e de contabilidade
		70	Actividades das sedes centrais; actividades de consultaría de xestión empresarial
		71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría, ensaios e análises técnicos
		72	Investigación e desenvolvemento
		73	Publicidade e estudos de mercado
		74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas
		75	Actividades veterinarias

	GRUPO	SUBGRUPO	SECTOR DE ACTIVIDADE
Actividades administrativas e servizos auxiliares	N	77	Actividades de aluguer
		78	Actividades relacionadas co emprego
		79	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas cos mesmos
		80	Actividades de seguridade e investigación
		81	Servizos a edificios e actividades de xardinería
		82	Actividades administrativas de oficina y outras actividades auxiliares ás empresas
Administración Pública, defensa Seg. Social obrigatoria	O	84	Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria
Educación	P	85	Educación
Actividades sanitarias e de servizos sociais	Q	86	Actividades sanitarias
		87	Asistencia en establecementos residenciais
		88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	R	90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos
		91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais
		92	Actividades de xogos de azar e apostas
		93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento
Outros servizos	S	94	Actividades asociativas
		95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico
		96	Outros servizos persoais
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	T	97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico
		98	Actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	U	99	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais

2021: ACHEGAR A UNIVERSIDADE Á SOCIEDADE A TRAVÉS DA COMUNICACIÓN



Consello Social
Universidade de Vigo